



**GOIÁN**

**D**n. Xosé Vereá e Aguiar na súa moderna historia de Galicia, páx. 38, di que a voz Goyan é céltica, tomada de Goyaz, termo ou dición daquelas xentes. Segundo papeis do arquivo da casa solar e torre dos Correás sita no mesmo Goyan, que eu reconecín a todos, consta que nesta parroquia houbo anteriormente unha Vila titulada a Vila da Barca de Goyan, que constaba de 200 casas, e por conseguinte outros tantos habitantes. Tiña o seu asento, segundo tradición do país, na ribeira do río Miño preto do lugar do Pazo, e non lonxe da citada Casa dos Correás; e inmediato a ela estivo a Igrexa parroquial de Goyan, e permaneceu esta ali ata que se mudou ao sitio que hoxe ocupa; traballábase na obra do seu traslado e fábrica no ano de 1746. E a Vila subsistiu naquel paraxe ata que as súas casas foron enteiramente demolidas cando se fabricou o novo Castelo ou Praza de Goyan no tempo que diremos adiante ao tratar da citada fortaleza, por ser prexudiciais á defensa da motivada Praza, e a súa pedra empleouse na obra desta. E antes de ser levantado este novo castelo houbo ali próximo outro moi antigo máis arriba do actual, nun altiño que se di hoxe o Castelo Vello. Venera Goyan por Patrón tutelar a Sn. Cristovo Mártir Cananeo, a quen lle celebran festa o 25 de Xullo. Habitana 325 veciños, que pertencen, excepto os dunha pequena porción da parroquia, polo contencioso ao Xuíz de Tomiño, e os do reducido distrito tocan no mesmo caso ao xuíz que hai no propio Coto; e todos eles polo político e gubernativo á Xustiza de Barrantes. Producen de rendemento os seus décimos 17.600 reais, dos que leva o Párroco a metade, e a outra metade as Monxas do Mosteiro da Guarda; aquel ten casa reitoral e igrexario de 62 ferrados de pan en semente; percibe ademais de renda anual 44¼ ferrados de trigo (digo) centeo, 5510/12 de miúdo, 21 de millo, 2 galiñas, 1 lamprea e 22½ reais. Paga á Mitra de Tui 10 ferrados de trigo, 10 de centeo e 10 de miúdo. A fábrica da Igrexa cobra 2 ferrados de trigo, 17 de miúdo e 99 reais. Este Beneficio é de presentación da casa dos Correás do mesmo Goyan. Atópase aquí o Castelo ou Praza citado arriba facendo fronte





a Vila Nova de Cerbeira en Portugal co seu Gobernador militar, Capela dedicada a Sn. Lourenzo Diácono e Mártir, e Capelán castrense posto por el Rei. Confina co Miño. Dista de Tui 2 leguas.

... Santiago de Tolso foi unha parroquia das antigas do Bispado, da que atopamos diferentes noticias, e delas citaremos aquí as máis principais: Nunha escritura do Mosteiro de Oia do ano 1320 díse que Lourenzo Pérez era ao tempo Reitor da Igrexa de Santiago de Tolso. Segundo as Sinodais do Bispado de 1528 pagaba esta Igrexa á Mitra de Tui a terceira parte dun Xantar, 1 libra de cera, 66 maravedis vellós e 7 diñeiros, con máis 10 bucios de pan terciado; e o Beneficio, di o sínodo, era de padroado real do Bispo. Co tempo foi agregada esta parroquia, en clase de anexo, á confinante de Sn. Cristovo de Goyan, a onde xa o estaba no ano de 1592 a 29 de Xuño en que o Ber. Gregorio Rodrigues Correa Bacelar titulábase Abade de Sn. Cristovo de Goyan e o seu anexo Santiago de Tolso; nunha escritura do ano 1614 menciónase a Sn. Lourenzo de Trasmontes fregueses de Tolso. Continuaba esta clase de tal anexo de Goyan no pontificado do Sor. Dn. Xoán Manuel Rodríguez Castañón como testifica o M. Flórez no tomo 23 da España Sagrada páx. 209; pero ultimamente foi agregada enteiramente á de Goyan, e cesou de todo a presente parroquia sen que dela quedase nin aínda os cimentos da Igrexa. Confina Tolso por un costado coa de As Eiras, e por outro coa de Goián." (Ávila y La Cueva, 541-543).



## Igrexa

A igrexa actual foi construída no ano 1746, segundo consta nunha das **claves da bóveda (119)** do presbiterio. A primitiva estivo situada máis preto do río, onde residía o núcleo antigo da poboación.

Asume as características do estilo manuelino tardío, ao igual que a das Eiras que xa vimos, pero esta presenta tres naves, non coma aquela que é dunha soa e cunha torre engadida.

A súa **fachada principal (115)** presenta un corpo central enmarcado por pilastras extremas, e dous corpos laterais, tamén apilastrados nos extremos. O do lado noroeste, sobre base cadrada, ten a torre das campás. É

posible, pola cimentación e estrutura, que estivera proxectada outra torre xemelga no lado sudoeste.

O eixe central da fachada ven enmarcado noutras dúas pilastras interiores que rematan como apoio dunha cornixa cóncavo-convexa coa cruz de remate centrada e nos extremos pináculos cónicos. Nel está a porta moi sinxela, de arco rebaixado, cunha pequena moldura, que se adorna cunha cornixa a modo de viseira. Por riba dela unha fiestra moldurada, tamén de arco rebaixado, completa o conxunto desta rúa central. Con posterioridade, encima da ventá colocouse unha cruz de mármore, e outras dúas laterais, que xa se retiraron.

Apoiada nas pilastras extremas deste corpo central nace unha cornixa e unha moldura que vai ascendendo ata as pilastras interiores e con pináculos similares aos anteriores.

O corpo do lado sudoeste, máis baixo, ten unha cornixa recta, con pináculo nos extremos anteriores.

O do lado noroeste acolle a torre das campás. Está apilastrada nos catro lados. Tras unha moldura de división, unha balaustrada voada de pedra e con pináculos de bola acolle o campanario de catro ocos, que se rematan con outra balaustrada voada de pedra en curva e con pináculos cónicos nos extremos.

Cérrase o campanario cunha frecha de cubrición de base cadrada, rematada en alcachofa na que se coloca unha cruz metálica sobre a esfera armilar.

A construción das naves e da torre é posterior á da nave central. De feito en 1860 entrégase unha cantidade a conta dos 19.931 reais nos que se axustara a nave e a torre ao mestre canteiro Manuel Joaquín Goios. E en 1866, Xosé Antón Araujo Ramallosa fai o enlousado das naves laterais e unha parte da central.

A separación das **naves** (118) faise cunha arquería potente de columnas cadradas ben traballadas de granito. Unha moldura corrida ao longo das naves sustenta as bóvedas caleadas, nas que destacan os arcos torais tamén en pedra e apoiados en fermosas impostas adornadas con cabezas de anxos.

O **arco triunfal** (117) dá paso ao presbiterio con bóveda pétrea a catro augas. Na súa clave destaca un **escudo da casa de Cadaval** (120), que era a que tiña o dereito de presentación.

A máis do retablo maior que cobre todo o paramento leste do presbiterio conserva outros seis retablos nas naves laterais. Son de destacar os tres barrocos, que forman un bo conxunto e, posiblemente, foron construídos por Manuel Pérez da Vila nos anos 1760-1770. Dos retablos do Rosario e das Ánimas hai documentación escrita nos libros



119



120



das respectivas confrarías. Do retablo do Carme non hai noticias nos libros parroquiais, nin do autor nin da súa data de construción, pero, pola similitude que presenta con eles respecto ao esquema construtivo e as tipoloxías decorativas, non debería presentar ningunha dúbida da súa autoría. Tamén é do mesmo autor o retablo do Carme que hai na Capela de S. Telmo en Tui, realizado con anterioridade, no ano 1757.

O **retablo do Carme (121)** e o do **Rosario (122)** ocupan o paramento leste das naves laterais. O primeiro ten unha planta un pouco ochavada e co banco moi desenvolto no tramo central. Neste está un sagrario, por riba del unha cartela e rodéano adornos vexetais con flores. Catro netos, adornados con veneras os interiores e motivos vexetais os exteriores, soportan os estípites e as pilastras que formarán as rúas do corpo central. No centro dos paneis están as peñas moi traballadas, para as imaxes de S. Bieito e Sto. Antonio que ocupan as caixas planas das rúas laterais.

A rúa central ten o camarín da Virxe enmarcado con dous estípites. Nos extremos o retablo cêrrase con pilastras.



124



125



126

Por riba do entablamento, o ático ten unha fornela central moi pequena. Catro machóns compartimentan o espazo, facendo como unha continuidade do corpo do retablo. Rematando as rúas laterais, neses compartimentos, un espello. Cérrese todo cunha gran cartela vexetal no centro e, nos lados, tarxetas que adornan o arco.

A composición do retablo do Rosario é a mesma: banco, con sagrario e netos, corpo de tres rúas separadas por estípites no interior e pilastras exteriores, gran fornela central e caixas planas nas rúas laterais, e ático cunha fornela fonda e arco moi decorado e remate vexetal.

As dúas fornelas, a do corpo e a do ático, teñen o mesmo esquema compositivo.

O **retablo de Ánimas** (123) está no muro da nave sur. Presenta unha composición especial e distinta. O primeiro



127



que chama a atención é o seu **frontal** (131), en mal estado pero que conserva gran beleza. A parte central do banco crécese porque nela está a urna coa imaxe de **Cristo morto** (127) e mesmo enriba a táboa das Ánimas.

Isto obriga a elevar a fornela do corpo chegando co seu arco a ocupar parte do ático quebrando a cornixa de separación de ambos para delimitar o seu espazo. Este corpo principal ten catro pilastras e dous estípites. Nas pilastras máis interiores dous anxos en relevo acompañan o planto da **Virxe dolorosa** (129). E no espazo ganado ao ático, outros **dous anxos pintados** (132-133) levan símbolos da Paixón.

A parte central do ático está limitada por machóns de separación que acollen un marco en cruz para o Crucificado. Ata eles chegan os arcos que cerran o retablo moi decorados. Ten unha cartela de remate.

Sabemos que no ano 1762 estíbese a facer, e tamén que no 1775 aínda se pagaba ao dourador.

Os outros retablos son bastante posteriores. O de **S. Xosé** (124) e o da **Inmaculada** (125,130) son xemelgos.

Tamén no paramento da nave lateral está unha repisa cun **Cristo morto** (126), do século XVII, que foi restaurado en Tui no ano 1980.

Todos os retablos, menos o Maior e o de S. Xosé, están presididos pola Virxe nas súas distintas advocacións, e non é de estrañar xa que a devoción á Nai de Deus ten un gran arraigo na zona como se pode comprobar polo feito de ser a parroquia de Goián pioneira, xunto con Santiago de Vigo, en fundar a Confraría do Santísimo e Inmaculado Corazón de María o 7 de outubro de 1854, ao pouco tempo de que fora creada esta devoción en Francia.



No Museo Diocesano de Tui ten depositada esta parroquia, entre outras cousas, a Cruz parroquial gótica, do século XV, en bronce, e tamén un Cristo de marfil do século XVII.

As **vidreiras** (116, 134-138) que adornan os ocos das ventás foron encargadas á Unión Cristaleira de Vigo.

## Capela de S. Lourenzo

É unha pequena capela de 50 metros cadrados situada no lugar do mesmo nome. É de pedra e con tellado a dúas augas.

## Capela de S. Roque (139)

No lugar do Couto.

É unha pequena capela situada no interior dun antigo forte defensivo para oporse a distintas incursións que sufría a poboación, sobre todo na época de Pedro Madruga. Nas





súas proximidades está a casa dos Correa, que eran os propietarios deste señorío, e foron os que conseguiron o título de Vila para o pobo no ano 1723.

Tamén próximo a ela, máis preto do río, está o castelo que se mandou construír no reinado de Carlos II a causa das guerras da Independencia de Portugal.

A capela é de gran sinxeleza. Presenta unha nave rectangular de 71 metros cadrados.

É de pedra e con tellado a dúas augas.

A fachada principal ten unha porta de arco rebaxado e cunha pequena moldura. Enriba dela una ventá cadrada, de derrame exterior, e tamén moldurada.

A ambos lados da porta, dous pequenos ocos, enreixados, para que o visitante poida facer a súa oración ao santo.

Remátase a fachada en capias. No centro, unha pequena espadana sobre a cornixa voada acolle no seu arco de medio punto a campá. Por riba a cruz pétrea de remate.

No cumio da fachada leste ten outra cruz pétrea de remate e máis pequena.